

## Samuel L. París | “Cando acabei o poemario quitei un peso de enriba, foi como se marchase algo meu ”

[Olalla Bouza](#) 11 de xuño de 2025

<https://www.diariodearousa.com/articulo/vilagarcia/samuel-l-paris-cando-acabei-poemario-quitei-peso-enriba-foi-como-marchara-algo-meu--5325814>

**Samuel L. París** (Muros, 1984) **presenta** esta tarde en Vilagarcía ***O tenro é o salvaxe***, unha obra na que afonda no seu propio universo, un salto importante con respecto aos anteriores traballos. Será un dos autores que protagonizará as Conversas ao Solpor, xunto a Clara Pino e Andrea Maneiro. Coñecido tamén pola súa traxectoria na música, en bandas como Terbutalina, chega ao Miguel Hernández nunha etapa máis intimista.

**A súa poesía ten bastante de posicionamento político, segue *O tenro é o salvaxe* nesa mesma liña?**

Nunca considere que o que fago é moi político, senón con certa conciencia social. Entendo que estaría a miña obra máis ben nese terreo. E esta liña mantense, pero fixen o esforzo de indagar noutros temas que, ao principio, costábame máis meterme. Fixen esforzo por entrar nos temas máis persoais. Amoso unha parte que xa estaba algo apuntada no anterior traballo, *O único e verdadeiro deus das cousas que están feitas un cristo*, pero neste fun a por todo.

**E cales serían eses temas nos que afonda?**

A vulnerabilidade, a capacidade para equivocarme e revolcarme, temas familiares nos que ata agora nunca entrara... Non participara niso, nese tipo de poesía. Agora abordo temas máis vivenciais, como unha mirada sobre a infancia. Cando vas gañando anos, permítete botar a mirada atrás para ver que pasou aí. Nesta ocasión entrei nese tipo de temáticas, que ás veces están nun primeiro plano e outras máis desdebuxadas.

**E como foi ese proceso, entendo que falar da vulnerabilidade é complexo...**

Totalmente. Foi moi importante a posibilidade de participar na Residencia Illa San Simón e ter ese momento para poder pararte cos temas que queres tocar, ter unha marxe para saber como resolvelo e como te queres expresar formalmente. É necesaria esa pausa, sobre todo cando é algo tan intenso. Foi un proceso bastante duro. Foi un poemario, *O tenro é o salvaxe*, que cando acabei foi como quitar un peso de enriba. Foi como se marchase algo meu.

**Cando fas recitais son moi chamativos e participativos...**

Para min cada recital é único e busco que a xente atope algo diferente. Para cada obra ou data que vai saíndo, busco cambiar, que o público marche coa sensación de que viu algo que nunca vira. Houbo épocas nas que ía acompañado dunha batería ou dunha guitarra eléctrica. Agora o que busco, nas presentacións da miña obra, é algo máis básico. Trato de volver darlle protagonismo á propia palabra, non esconderme tanto detrás destes artificios. Así é a proposta coa que estou agora, pero sempre, en esencia, o que busco é que a xente que asiste ás presentacións das miñas obras se sinta interpelada.

**Como valoras espazos como Cidade de Libro e que se lle dea protagonismo á poesía?**

A poesía para o encontro é fácil de levar. A literatura, en xeral, é algo que anima á conversa. Da mesma forma que todos falamos con amigos e familia sobre o que estamos lendo, que se faga nun campo público sempre é positivo.

**Tamén acabas de publicar *Pifostio*, como a describes?**

É narrativa. Son 61 textos breves e o que podo dicir é que é un libro no que nada ten sentido pero todo ten sentido.